O día 3 de decembro de 2014, a alcaldía resolveu solicitar á Deputación da Coruña, unha subvención en materia de Actividades de Promoción dos Recursos Turísticos para o programa Proxecto de Promoción Turística de Boqueixón.

No BOP do día 10 de marzo de 2015, sae publicada a concesión da axuda que a Deputación concede para o dito proxecto por importe de 4.194,88 euros e o día 19/05/2015, figura na conta do concello o ingreso correspondente ó primeiro prazo por importe de 2.097,44 euros.

Con data 13 de maio de 2015, ten entrada (15/931) unha factura da empresa Artes Gráficas Alonso por distintos deseños, maquetacións e impresións de trípticos, cuadripticos en castelán, galego e inglés sobre distintos programas turísticos relacionados con este concello por un importe de 3.630,00 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. A15/197 de data 13/05/2015 polo deseño, maquetación e impresión de varios trípticos e cuadripticos en diferentes idiomas e temática sobre aspectos turísticos do Concello de Boqueixón, por un importe total de 3.630,00 euros.

Imputar o pagamento desta factura á subvención concedida pola Deputación da Coruña para o efecto.

Aprobación de factura con cargo a subvención e xustificación desta Factura 15/1037

Na Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2014, acordouse solicitar unha axuda á Deputación da Coruña para obras de reparación e mantemento no ximnasio municipal. No BOP do día 6 de abril de 2015, publícase que a esta entidade se lle concede o importe de 5.468,96 euros para o obxecto solicitado.

Na Xunta de Goberno do día 9 de abril, apróbase a factura emitida pola empresa Antonio Pena,SL pola instalación de dous termos eléctricos nos vestiarios do ximnasio por un importe total de 1.512,94 euros.

O día 28/05/2015 ten entrada no rexistro xeral a factura emitida pola empresa Pinturas Boqueixón pola reparación e mellora de pintura no ximnasio municipal por un importe de 3.956,70 euros.

Polo tanto, ó sumar o importe das dúas facturas daríámos unha cantidade de 5.469,64 euros e teríamos xa xustificada a axuda concedida.

Polo tanto, á vista de que xa se investiu a cantidade, a Xunta de Goberno acorda:

- 1 Aprobar a factura núm. 18/2015 emitida por Pinturas Boqueixón, SL polo concepto de reparación e melloras de pintura no ximnasio municipal de Boqueixón por importe de 3.956,70 euros.
- 2 Imputar o pagamento desta factura á subvención concedida
- 3 Imputar, así mesmo, a factura aprobada na Xunta de Goberno do día 9 de abril da empresa Antonio Pena, SL por importe de 1.512,94 euros á mesma subvención.
- 4 Dar por xustificada a axuda concedida e por finalizados os traballos que sexan obxecto de imputación a este concepto.

6.Aprobación listaxe participantes no programa prevención da dependencia: altas e baixas

Acórdase a aprobación da listaxe de participantes no programa prevención da dependencia: altas e baixas

7.Concesión emerxencias sociais

Concesión de dúas axudas por emerxencia social

8.Alta tarxeta de estacionamento para minusválidos

Concesión da tarxeta de estacionamento para minusválidos

9.Licenzas urbanísticas

A) Licenza municipal de obras, para a construcción dunha vivenda unifamiliar illada, no xxxxx, na parroquia de Oural. Expte: 15/570

ANTECEDENTES:

Con data do 31/03/2015 (registro de entrada núm. 15/570), por Gumersindo xxxxx, con DNI número xxxxx, presentase un proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerra, colexiado número 1779, para a construcción dunha vivenda unifamiliar, situada no xxxxx, na parroquia de Oural, e emprazada urbanísticamente en Solo Urbano.

Con data do 14/04/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítense un **informe técnico, favorable condicional**, que obriga ó promotor a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 16/04/2015, por parte do departamento de urbanismo, remítelleselle ó técnico redactor do proxecto, a través do correo electrónico, unha copia do antedito informe técnico, para as correccións que se indican no mesmo.

Con data do 30/04/2015, (rexistro de entrada númer. 15/874, de data 05/05/2015), por Gumersindoxxxxx, preséntase un anexo coa documentación requirida no informe técnico de data do 14/04/2015.

Con data do 13/05/2015, os Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emiten **informe técnico favorable** para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 01/06/2015, emítense informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa: o ingreso da taxa, que corresponde aboar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 €; o Oficio de Dirección de Obra do arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerra, colexiado número 1779 e Oficio de Dirección de execución de obra do arquitecto técnico, don Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado número 891; así como o Oficio de coordinador de seguridade e saúde. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Gumersindoxxxxx, a licenza municipal de obras, para a “*construcción dunha vivenda unifamiliar illada*”, sita no xxxx, na parroquia de Oural, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicóns particulares:

01. Númer. do expediente: 15/570
02. Promotor da licenza: GUMERSINDOxxxxx
03. DNI do promotor: xxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO URBANO. ZONA 3ª: RESIDENCIAL UNIFAMILIAR ILLADA OU APEGADA
05. Tipo de Obras: CONSTRUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA
06. Situación e emprazamento: xxxx – OURAL
07. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
08. Orzamento de execución material das obras: 70.225,00 €
09. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 1.755,62 €
10. Técnico autor do proxecto: JOSÉ ANTONIO HERNANDO EZQUERRA. Arquitecto
11. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: SEIS MESES
 - Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicóns especiais:

12. Antes do inicio das obras, deberase achegar a xustificación do rexistro no INEGA da certificación enerxética de proxecto.
13. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas e seguros correspondentes.
14. Deberá instalarse o cartel de obra na parcela cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.

15. Deberanse cumplir tódalas condicións impostas no proxecto técnico, visado con data 26/03/2015, e toda a documentación complementaria presentada, que sirve de base para a concesión desta licenza.

NOTA: De acordo coa documentación presentada, a licenza tramítase para a construcción dunha vivenda unifamiliar illada. Calquera actuación complementaria (edificacións auxiliares, peches...) será obxecto dunha nova tramitación, xa sexa por licenza ou por comunicación previa.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **1.755,62 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº:xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

B) Modificación, da licenza municipal de obras nº 13/135, de data do 07/02/2013, para a construcción dunha vivenda unifamiliar illada, no xxxxx, na parroquia de Sergude. Expte: 11/1086

ANTECEDENTES:

Con data do 07/02/2013, o concello de Boqueixón, na Xunta de Goberno Local, outorgou a licenza municipal de obras (Nº.: 13/135), a D. David xxxxx, con DNI nº.:xxxxx, para a construcción dunha vivenda unifamiliar illada, no xxxxx, na parroquia de Sergude, emprazada urbanisticamente en Solo non Urbanizable de Núcleo Rural.

A licenza municipal de obras, outorgouse en base ao proxecto técnico básico, asinado polo arquitecto D. José R. Romero Riádigos, colexiado nº.: 996, e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Núm. do expediente: 11/1086
2. Promotor da licenza: DAVID xxxxx
3. DNI do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL
5. Tipo de Obra: CONSTRUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA
6. Situación e emprazamento: xxxxx – SERGUDE
7. Taxa pola solicitude da licenza: 565,22 €
8. Orzamento xeral: 145.434,34 €
9. Liquidación do I.C.I.O.: 2.908,69 €
10. Técnico autor do proxecto: JOSÉ RAMÓN ROMERO RIÁDIGOS. Arquitecto
11. Prazos de ejecución:

Para comezar as obras: SEIS MESES

Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicións especiais:

12. Antes do inicio das obras deberase achegar o proxecto de execución visado, así como os oficios de dirección de obra, dirección de execución de obra, o coordinación de seguridade e saúde.
13. Deberanse cumplir tódalas condicións xerais e particulares que figuran na autorización de obras do servizo de infraestruturas, da Consellería de Medio

Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co número de expediente: MT205H 2011/000052-1

14. Deberanse cumplir tódalas condicións xerais e particulares que figuran na autorización de obras da dirección de Augas de Galicia, coa clave: DH.W15.29372.

Con data do 25/11/2014, con rexistro de entrada nº.: 14/2171, por D. Davidxxxx, preséntase o proxecto de execución (modificado do proxecto básico, e cun orzamento de execución material das obras, por importe de 206.205,45 €), asinado polo arquitecto D. Carlos Valderrama Ferrando, colexiado nº.: 2.969, o oficio de dirección de obra, e o oficio de dirección da execución de obra, así como a comunicación de sustitución de arquitecto na dirección facultativa da obra, por parte do promotor.

Con data do 13/01/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítense o **informe técnico favorable condicional**, ao proxecto modificado; e con data do 15/01/2015, con rexistro de saída nº.: 15/31, pola alcaldía ponse en coñecemento do promotor, o contido do informe técnico, para que este poida presentar a documentación xustificativa requirida neste.

Con data do 29/01/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/150, por D. Carlos Valderrama Ferrando, arquitecto que asina o proxecto de execución achegado, presenta as modificacións en base ao informe técnico de data do 13/01/2015, e con data do 17/03/2015, con rexistro de entrada nº.: 14/475, por D. Davidxxxx, preséntase un plano de cotas, alzados, e seccións de muros do peche de parcela, para dar cumprimento dos informe sectoriais existentes no expediente.

Con data do 15/04/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítense o **informe técnico favorable**, no cal se indica que, á vista da documentación presentada, non se modifican as condicións das autorizacións sectoriais existentes no expediente.

Con data do 01/06/2015, emítense informe xurídico, no que se sinala que, informase favorablemente o expediente para a concesión da licenza, sempre que se cumplan as especificacións contidas no informe técnico e nos distintos acordos ou autorizacións dos organismos competentes.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Modificar, a licenza municipal de obras nº.: 13/135, de data do 07/02/2013, a nome de D. Davidxxxx, con DNI nº.: xxxx, para a construcción dunha vivenda unifamiliar illada, sita no xxxx, na parroquia de Sergude, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

15.Número do expediente: **11/1086**

16.Promotor da licenza: **DAVID xxxx**

17.D.N.I. do promotor: **xxxxxx**

18.Clasificación urbanística: **SOLO DE NÚCLEO RURAL**

19.Tipo de Obra: **CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA**

20.Situación e emprazamento: **xxxx – SERGUDE**

21.Taxa pola solicitude da licenza: 565,22 € (*abonada con data do 21/07/2011*)

22.Orzamento xeral inicial: 145.434,34 €

23.Liquidación do I.C.I.O.: 2.908,69 €(*abonada con data do 25/11/14*)

24.Orzamento xeral do proxecto básico e de execución: **206.205,45 €**

25.Liquidación diferenza do I.C.I.O.: **1.215,42 €**

26.Técnico do proxecto de execución: **CARLOS VALDERRAMA FERRANDO**

27.Dirección de Obra: **JUAN CARLOS LORTES GÓMEZ**

28.Coordinador de seguridade e saúde: **JUAN CARLOS LORTES GÓMEZ**

29.Prazos de execución:

- Para comezar as obras: **SEIS MESES**
- Para terminar as obras: **TRES ANOS**

b.-) **Condicóns especiais:**

30.Deberanse cumplir tódalas condicións xerais e particulares que figuran na autorización de obras do servizo de infraestruturas, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co número de expediente: **MT205H 2011/000052-1**

31.Deberanse cumplir tódalas condicións xerais e particulares que figuran na autorización de obras da dirección de Augas de Galicia, coa clave: **DH.W15.29372**

32.No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacóns previas e seguros correspondentes.

33.Deberá instalarse o cartel de obra na parcela cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.

34.Deberanse cumplir tódalas condicións do proxecto técnico, básico e de execución, presentado con data do 25/11/2014, e visado con data 10/11/2014, e toda a documentación complementaria presentada, que sirve de base para a concesión desta licenza.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **1.215,42 €** que resultan da diferenza entre o orzamento inicial das obras, e o incremento do orzamento que se inclúe no proxecto de execución, en aplicación aos artigos 6 e 7 da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe total, pola liquidación aprobada anteriormente, de **1.215,42 €** deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N°: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

C) Devolución do imposto municipal pola comunicación previa de obras para o peche parcial dunha parcela. Expte.: 15/424

ANTECEDENTES:

Con data do 9/03/2015 e rexistro de entrada núm. 15/424, dona Gloria xxxxx, con DNI núm. xxxxx presenta nestas dependencias municipais Comunicación previa de obras para a construcción dun peche parcial na parcela con referencia catastral 15012B508001320000LO, que se empraza no lugar de Piñeiro de Abaixo, parroquia de Boqueixón.

Xunto coa documentación presentada, a solicitante achega os documentos xustificativos do abono da taxa municipal, así como do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), polo importe total de 97,31 euros (ingresados na conta bancaria do Concello con

data 9/03/2015), cando lle correspondía facelo polo importe de 91,12 euros, segundo se detalla a continuación:

TAXA MUNICIPAL POLA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE:			61,62 €
IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO):	Orzamento de Execución Material das obras: 1.180,00 €	Porcentaxe 2,5%: 29,50 €	Liquidación : 29,50 €
TOTAL LIQUIDACIÓN			91,12 €

Por este motivo, con data do 20/05/2015, pola alcaldía requíreselle que presente o número de conta bancario no que se lle poida facer efectivo o reintegro polo importe de 6,19 euros, correspondente á diferenza entre ambos importes, o cal é facilitado posteriormente pola titular.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Reintegrar, a dona GLORIAxxxxx, con DNIxxxxx, o importe de **6,19 €** que con data 9/03/2015 ingresou de máis na conta do Concello, en concepto de imposto municipal sobre construccions, instalacións e obras (ICIO) pola comunicación previa de obras para a construcción dun peche parcial na parcela con referencia catastral 15012B508001320000LO, situado no lugar de Piñeiro de Abaixo, na parroquia de Boqueixón, correspondente á diferenza entre o importe de 97,31 euros, que ingresou e o que debería ingresar pola cantidade de 91,12 euros. O ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria: xxxx.

2.- Comunicarlle este acordo á interesada.

10. Alta no servizo de saneamento municipal

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Jesúsxxxxx	xxxxx	xxxxx - Loureda	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda/explotación agrícola.

Dito beneficiario abooou a taxa no número de conta xxxx-(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

11. Aprobación das bases e prezos públicos das actividades incluídas na Xanela de verán 2015

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º) Aprobar as seguintes bases para as actividades previstas na programación de verán 2015:

Inscricións

- Para as actividades de cultura e deportes as inscricións realizaranse no departamento de cultura ou en cultura@boqueixon.com.
- Requírese un grupo mínimo para o comezo das actividades.
- Prazas limitadas con preferencia dos empadroados no concello.

Pagamento

- As actividades de Concilia xuño, Campus deportivo, Verán activo, Patinaxe e Campamento de verán e cursos de natación, ingreso na conta do concello **ES68 2080 0320 2531 10000666 (Abanca)**.
- É preciso presentar o resgado no concello xunto coa ficha de inscrición.
- Para o resto das actividades o pagamento será en efectivo agás *Boqueixón en ruta* ingreso na axencia de viaxes.

Custos

- Para as actividades de nenos/as en idade escolar **empadroados**, agás Aquapark, cursos de natación e piscina aplicaranse os seguintes descontos:
 - 2º fillo na mesma actividade: 25%
 - 3º fillo na mesma actividade: 50%
 - 4º fillo ou máis: de balde
- Os non empadroados terán un incremento dun 30% agás alumnado do CPI do Forte.

2º) Aprobar os seguintes prezos polas actividades previstas :

- * **CONCILIA XUÑO : CON COMEDOR** 55 € SIN COMEDOR 15€
- * **CAMPUS DEPORTIVO** : 65 €
- * **VERÁN ACTIVO:** 40 €/mes 20 €/ quincena 10 € -semana d'outubro
- * **CURSO DE NATACIÓN:** 10 €
- * **PATINAXE:** 10 €
- * **AQUAPARK CERCEDA:** ata 4 anos gratis (acompañados de adulto)
 - De 5 a 12 anos: 7 €
 - Maiores de 12 anos: 10 €
- * **DESCENSO DO ULLA EN PIRAGUAS:** 20 €
- * **CAMPAMENTO DE VERÁN:** 165 €
- * **EXCURSIÓN A TARAMUNDI:** 30 €
- * **BOQUEIXÓN EN RUTA: PORTUGAL :** 155 €
- * **BOQUEIXÓN EN RUTA: LOURDES:** 255 €

3º) Publicar estas bases e prezos na axenda cultural e deportiva Xanela de Verán e na páxina web do concello.

12. Aprobación do balance do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeadoo público de Boqueixón

O día 12 de maio de 2015, a empresa Montaxes Eléctricos Fernández, SL presenta o balance de ingresos e gastos correspondente ó ano 2014. Xunto a este tamén presenta a declaración responsable referente ó stock de materiais que se atopan no almacén da empresa.

Segundo os datos achegados que comprenden desde decembro de 2013 ata novembro de 2014, os ingresos suman un total de 37.400,04 euros e os gastos ocasionados polos diversos traballos e materiais utilizados na execución do correspondente contrato suman 40.054,08 euros. Polo tanto o resultado do balance correspondente ó ano 2014 presenta un resultado negativo de -2.654,04 euros.

Atópanse no balance as copias das nóminas do persoal da empresa así como as dos TC 2 correspondentes. A suma destes conceptos non se inclúe no resultado do balance, polo tanto non se ten en conta á hora da súa aprobación.

Polo tanto, á vista do datos achegados, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o balance correspondente ó ano 2014, presentado pola empresa adxudicataria do contrato do servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeadoo público, Montaxes Eléctricos Fernández, SL, que suma un total de 37.400,04 euros de ingresos e un total de 40.054,08 euros de gastos, o que dá un resultado en negativo de -2.654,04 euros.

13. Rectificación no padrón do lixo

Na Xunta de Goberno do día 7 de maio, aprobáronse as altas no padrón do lixo para este ano 2015.

No listado atopábase incluída a vivenda propiedade de don José xxxxx cunha taxa de 62.53 euros/ano.

Despois do interesado poñer en coñecemento que a vivenda non se atopaba en condicións de habitabilidade e de que o persoal do concello o comprobase, a alcaldía emite un informe onde consta que a vivenda está sendo rehabilitada con base á licenza municipal de obras núm. 14/810 de data 4 de setembro de 2014, pero no seu interior non cumpre as condicións mínimas de habitabilidade para ser utilizada, toda vez que carece das instalacións necesarias como cociña, baño, dormitorios, etc.

Na ordenanza reguladora da taxa do lixo, o art. 15.1.2º dí que se entende que unha vivenda debe aboar a correspondente taxa cando sexa susceptible de ser ocupada ou utilizada polos correspondentes contribuíntes, polo que se entende que se non é habitable, non cumpre co criterio ditado no devandito artigo.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Dar de baixa no padrón do lixo do ano 2015 a vivenda propiedade de José xxxxx, no lugar de xxxxx – Loureda.

Comunicarlle ó interesado este acordo.

14. Aprobación axudas de custo dos concelleiros/as de xaneiro a xuño de 2015

Preséntase para a súa aprobación e posterior pagamento, a relación de asistencias dos concelleiros da corporación ás xuntanzas dos distintos órganos colexiados que se realizaron desde o mes de xaneiro ata o mes de xuño de 2015.

Na relación que a continuación se transcribe, atópanse incluídas as asistencias á Xunta de Goberno e ó Pleno que se realizarán o vindeiro día 10 de xuño. Tendo en conta que as sesións van a ser unha a continuación da outra, só se vai liquidar a asistencia por só unha, no caso dos concelleiros que formen parte dos dous órganos colexiados.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar o importe das axudas de custo presentadas polos concelleiros pola asistencia ás sesións dos distintos órganos colexiados tal e como a continuación se desagrega no cadro reflectido.

2 Aboar as correspondentes contías ós concelleiros, tendo en conta as asistencias ó Pleno e a Xunta de Goberno que se realicen o día 10 de xuño.

PLENOS	14/01/15	11/03/15	28/04/15	13/05/15	10/06/2015	TOTAL
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. ANTONIO GONZALEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
Dna. DOLORES GARCIA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. J. SANTASMARINAS	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
Dna. RAQUEL GARCÍA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
Dna. ADELA REDONDO	120 €	120 €	0 €	120 €	120 €	480 €
D. XABIER CANABAL	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €

XUNTAS DE GOBERNO I	08/01/2015	29/01/2015	05/02/15	19/02/15	05/03/15	19/03/15	09/04/15	16/04/2015	07/05/2015	21/05/2015
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
D. J. SANTASMARINAS	120 €	0 €	0 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
Dº. RAQUEL GARCÍA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
XUNTAS DE GOBERNO II	04/06/2015	10/06/2015	TOTAL							
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €							
D. MANUEL MOURIÑO	120 €	0 €	1.320 €							
D. J. SANTASMARINAS	120 €	0 €	1.080 €							
Dº. RAQUEL GARCÍA	120 €	0 €	1.320 €							

DELEGADOS DE ÁREA I	08/01/2015	15/01/2015	29/01/2015	05/02/2015	12/02/2015	19/02/2015	26/02/2015	05/03/2015	12/03/2015
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
DELEGADOS DE ÁREA II	19/03/2015	26/03/2015	09/04/2015	16/04/2015	23/04/2015	30/04/2015	07/05/2015	21/05/2015	28/05/2015
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	1.080 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	1.080 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	1.080 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	1.080 €
D. JESÚS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	1.080 €

COMISIÓNS DE CONTAS	07/05/15	28/05/15	TOTAL
D. JESUS SANJUÁS		0 €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	0 €	0 €	0 €
Dna. RAQUEL GARCÍA	0 €	120 €	120 €
D. J. SANTASMARINAS	0 €	120 €	120 €
Dna. DOLORES GARCIA	120 €	120 €	240 €
D. XABIER CANABAL	120 €	120 €	240 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €	240 €

MESAS CONTRATACION	26/02/15	13/03/2015	19/03/2015	TOTAL
D. MANUEL MOURIÑO	120 €	120 €	0 €	240 €
Dna. DOLORES GARCIA	120 €	120 €	120 €	360 €
Dna. RAQUEL GARCÍA	120 €	120 €	0 €	240 €
D. XABIER CANABAL	120 €	120 €	120 €	360 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €	120 €	360 €

	TOTAL BRUTO	IRPF 15 %	TOTAL LÍQUIDO
D. JESUS SANJUÁS	0 €	- €	0 €
D. MANUEL MOURIÑO	2.160 €	324 €	1.836 €
D. ANTONIO GONZALEZ	1.680 €	252 €	1.428 €
Dna. DOLORES GARCIA	2.280 €	342 €	1.938 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	1.680 €	252 €	1.428 €
D. J. SANTASMARINAS	1.800 €	270 €	1.530 €
Dna. RAQUEL GARCÍA	2.280 €	342 €	1.938 €
Dna. ADELA REDONDO	1.560 €	234 €	1.326 €
D. JESUS NEIRA VARELA	1.680 €	252 €	1.428 €
D. XABIER CANABAL	1.200 €	180 €	1.020 €
D. PERFECTO BARCALA	1.200 €	180 €	1.020 €
TOTAIS	17.520,00 €	2.628,00 €	14.892,00 €

15. Ampliación do período de actividade das ociootecas de Camporrapado, O Forte e Lestedo

Na Xunta de Goberno do día 4 de setembro de 2014, que fixa no mes de maio o remate das escolas culturais e deportivas para o curso 2014/2015 e vistos os escritos presentados polas nais de nenos/as participantes nas Ociootecas de Camporrapado, Lestedo e O Forte, con rexistro de entrada nº 15/1033 de 28 de maio e 15/1044 e 15/1048 de 1 de xuño nos

que se solicita a continuidade desta actividade ata mediados do mes de xuño, a Xunta de Goberno acorda:

- 1) Aprobar a continuidade da Ocioteca de Lestedo ata o mércores 10 de xuño e ata o venres 12 de xuño as Ociotecas de Camporrapado e O Forte.
- 2) Aprobar o prezo a pagar polos participantes neste período, que será:
 - 2,50 € por participante,
 - 2 € 2º irmán,
 - 3,25 € non empadroados

16.Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o concelleiro en funcións remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O concelleiro en funcións